

BOTÁNICOS REBELDES

“A pandemia actual do coronavirus representa unha oportunidade única para que repensemos o noso modo de habitar a Casa Común, o xeito de como producimos, consumimos e nos relacionamos coa natureza”

Leonardo Boff





Que vos parece amosar aos veciños e veciñas os nomes das plantiñas silvestres que saen na vosa vila? entre os empedres, nos muros, beirarrúas, cunetas, ...

Só tedes que buscar unha planta silvestre que medre nalgún lugar da vila que teña ao lado algo onde poder escribir cun xiz: asfalto, beirarrúa, ... sempre sen danar nada, claro, nin molestar a ninguén.

Tedes un exemplo da que acabo de facer eu, nas fotos que adxunto co nome "agulleiras" que é un dos nomes galegos do *Geranium robertianum*..

Neste caso, buscando, vin que *Geranium* deriva do grego: geranion, que significa "grou", aludindo á aparencia do froito, que lembra ao pico desta ave (grulla en castelán). *Robertianum* está adicado Gaspard Nicolas Robert (1776-1857), botánico francés.





COMO FACER?

1. Buscar unha planta que cumpra os requisitos para ser fotografada.
2. **Identificación:** baixade esta aplicación de móbil para identificar plantas <https://plantnet.org/en/> , tedes aquí un titorial ([Como usar Plantnet](#)), e se tedes guías usádeas.
Nome en galego: neste [arquivo](#) podedes atopar buscando coa lupa os distintos nomes en galego.
Para calquera dúbida podedes contactar coa profe de Bioloxía (anaprofebioxeo@gmail.com) ou co departamento de lingua galega (galegonorego@gmail.com / Pcaamanho@gmail.com)
3. Subir a foto á [presentación compartida](#) no Drive para a súa corrección, e respectando o deseño, tal como se indica na propia presentación, na diapositiva debe ir :
 - a. O voso nome e curso.
 - b. O nome da vila ou lugar, e a data.
 - c. O nome ao que chegastes da planta.
4. Estade atentos, e en canto vexades a palabra CORRECTO na vosa diapositiva, xa podedes ir ao lugar da planta, poñerlle o nome (en galego e o nome científico) e sacarlle a foto, sempre seguindo estas consideracións:
 - a. Pintar só sobre superficies con ausencia de vexetación, nin ningún tipo de ser vivo; liques, fungos, larvas ... lembrade, non podemos ocasionar danos ou molestias.
 - b. Non pintar sobre monumentos ou propiedades sen consentimento do propietario.
 - c. Empregar xiz ou calquera outro material sempre e cando poida ser borrado con facilidade.
5. Subir de novo a foto á presentación compartida no Drive substituíndo a fotografía anterior pola nova co nome xa na foto, e borrando o texto do nome e o CORRECTO que puxen eu. Tamén podedes compartila nas vosas redes.

A continuación uns textos extraídos deste artigo:

['No solo malezas': cómo los botánicos rebeldes están usando graffiti para nombrar flora olvidada](#)

Esta idea de nomear plantas silvestres, que comezou en Francia, volveuse viral, e a xente comparte as súas imaxes nas redes sociais.

Francia prohibiu o uso de pesticidas en parques, rúas e outros espazos públicos en 2017 e en xardíns a partir de 2019, o que levou a un aumento na conciencia das flores silvestres urbanas no país. A botánica e activista francesa [Sophie Leguil](#), que vive en Londres, organizou a campaña [More Than Weeds](#) para cambiar as percepcións das plantas urbanas no Reino Unido despois de axudar a difundir a campaña de xiz de [Sauvages de marue](#) ("cousas salvaxes da miña rúa") en Francia liderado por Tea Botanica . Ela obtivo permiso para marcar as estradas de Hackney e facer carreiros de xiz para resaltar a flora esquecida aos nosos pés.

"Se cambiamos as nosas percepcións e vemos a flor do dente de león polo que é, unha liña de vida absoluta para as nosas abellas a principios da primavera, poderíamos aprender a amalas máis".

Un estudo realizado por investigadores de polinizadores revelou que moitas "malezas" urbanas silvestres teñen grande importancia pola cantidade de néctar e pole que proporciona cada flor, a miúdo moito máis que unha variedade de plantas de xardín. Un exemplo é o coñecido dente de león.

Andrew Whitehouse, do fideicomiso de conservación Buglife, dixo que as plantas de camiño e parede tamén son importantes como fontes de alimentos de inverno cando hai menos flores dispoñibles para insectos como os abellóns. "Debaixo, as raíces créanse pequenos microhábitats que soportan cochinillas, vermes, recolectores, lesmas, ... que á súa vez se convierten no alimento para paxaros e ourizos", agregou.

[Toulouse : ce botaniste trace à la craie le nom des plantes sauvages](#)

Idea orixinal: Belén L.Arenal
les Fernando Blanco (Cee)